

PUBLICADAS as Bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións agrarias de toda a Comunidade Autónoma de Galicia. IGAPE.. (IG110A).

PRAZO: desde 06/02/2018 ata 28/03/2018

BENEFICIARI@S:

Poderán acceder ás liñas de financiamento previstas nestas bases as pequenas e medianas empresas, incluídos os autónomos, titulares de EXPLOTACIÓN AGRARIA, inscritas no REAGA, e que esteña localizada a explotación principal nunha zona declarada de alerta ou prealerta pola seca no ano 2017 nas demarcacións hidrográficas de Galicia Costa, Miño-Sil, Cantábrico Occidental e do Douro no momento da publicación desta convocatoria, **o que se corresponde con todo o territorio de Galicia.**

LIÑAS DE FINANCIAMENTO:

1.REFINANCIAMENTO DE PASIVOS. Poderanse acoller a esta liña aquelas explotacións que formalicen un préstamo a longo prazo que se destine á cancelación, en todo ou en parte, de pasivos financeiros formalizados con entidades de crédito e con vencemento a curto ou medio prazo, co obxecto de alcanzar o equilibrio financeiro e acomodar os fluxos monetarios de entrada e saída e evitar, deste xeito, problemas de liquidez. Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, entenderanse por pasivos financeiros refinanciables os seguintes:

- a) Pólizas de préstamo ou contratos de *leasing*, con vencemento non superior a 3 anos a partir da data de solicitude da axuda do interesado.
- b) Pólizas de crédito, con vencemento non superior a 3 anos a partir da data de solicitude da axuda do interesado.
- c) Posicións bancarias debedoras, sempre que sexan consecuencia de non atender os vencementos de operacións financeiras das modalidades descritas nas alíneas a) e b) anteriores.

2. APOIO AO CIRCULANTE: Poderanse acoller a este programa de apoio aquelas explotacións que formalicen un préstamo que se destine ao financiamento do seu activo corrente, entendendo como tal o pagamento de nóminas dos traballadores, tributos, Seguridade Social, alugamento, provedores, acredores por prestación de servizos e cotas de débedas bancarias a longo prazo e cotas de *leasing* que venzan durante o período de disposición do préstamo formalizado ao abeiro desta liña. En ningún caso se poderán aplicar a financiar investimentos en inmovilizado ou activos financeiros, nin á cancelación anticipada de pasivos bancarios.

Os interesados deben consultar coas entidades financieras.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180205/AnuncioO92-080118-0001_gl.html